

# **PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA L.O.M.C.E.**

**Curso 2022-2023**

**Departamento de Matemáticas**

**IES “NOSA SEÑORA DOS OLLOS  
GRANDES”**

**Lugo**





## ÍNDICE

Introdución e contextualización.....	4
As características do centro e do alumnado.....	4
Marco legal.....	5
Introdución e contextualización da programación.....	7
Programación dos cursos pares da ESO.....	16
2º ESO	
Obxectivos. Contidos. Criterios de avaliación. Estándares de aprendizaxe. Competencias clave. Mínimos.....	18
Secuenciación e temporalización.....	33
4º ESO	
4º ESO Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas.	
Obxectivos. Contidos. Criterios de avaliación. Estándares de aprendizaxe. Competencias clave. Mínimos.....	37
Secuenciación e temporalización.....	50
4º ESO Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas.	
Obxectivos. Contidos. Criterios de avaliación. Estándares de aprendizaxe. Competencias clave. Mínimos.....	54
Secuenciación e temporalización.....	67
Programación de 2º de Bacharelato.....	71
Matemáticas II	
Obxectivos. Contidos. Criterios de avaliación. Estándares de aprendizaxe. Competencias clave. Mínimos.....	76
Secuenciación e temporalización.....	90
Matemáticas Aplicadas ás CCSS II	
Obxectivos. Contidos. Criterios de avaliación. Estándares de aprendizaxe. Competencias clave. Mínimos.....	94
Secuenciación e temporalización.....	105
Métodos Estatísticos e Numéricos	
Obxectivos. Contidos. Criterios de avaliación. Estándares de aprendizaxe. Competencias clave. Mínimos.....	109
Secuenciación e temporalización.....	112
Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:	
2ºESO - Matemáticas.....	115
4º ESO - Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas.....	118
4º ESO - Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas.....	120
2º BACHARELATO - Matemáticas II.....	122
2º BACHARELATO - Matemáticas Aplicadas ás CCSS II.....	125
2º BACHARELATO – Métodos Estatísticos e Numéricos.....	127
Concrecións metodolóxicas que require a materia.....	128
Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.....	133
Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	135
Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.....	144
Organización das actvds. de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.....	146
Calendario de exames de pendentes.....	147
Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.....	148
Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.....	148
Medidas de atención á diversidade.....	149
Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.....	150
Actividades complementarias e extraescolares programadas .....	151
Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.....	151
Anexos.....	153

## **Introdución e contextualización.**

### ***As características do centro e do alumnado.***

As características do centro:

Análise do contorno físico

Localización

Medio-ambiente

Economía

Características da poboación

Servizos do centro (aulas, laboratorios, biblioteca, etc.)

Número de alumnos

Profesorado

Persoal non docente

Oferta educativa

Etc.

E as características do alumnado.

Figuran no Proxecto Educativo do Centro.

**Marco legal****LEXISLACIÓN DE REFERENCIA: ESO E BACHARELATO**

Resolución do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, ESO e bacharelato no curso 2022/23.

Anteproxecto de Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Anteproxecto do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

REAL DECRETO 243/2022, do 5 de abril polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas do bacharelato.

REAL DECRETO 217/2022, do 29 de marzo, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da ESO.

Resolución do 11 de febreiro de 2022, pola que se ditan instrucións para realizar, dentro do curso 2021/22, a avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU) no curso 2022/2.

ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenrola o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a Atención á Diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Resolución do 1 de setembro de 2021, das Consellerías de Cultura, Educación e Universidade e de Sanidade pola que se aproba o “Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022”.

ORDE do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

RESOLUCIÓN do 28 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se modifica a Resolución do 26 de febreiro, pola que se ditan instrucións para a realización, dentro do curso 2019/20, da avaliación de bacharelato para o acceso á Universidade (ABAU) para o curso 2020/2021.

REAL DECRETO 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. (BOE nº67, 14/03/2020)

RESOLUCIÓN do 26 de febreiro de 2020, conxunta da Secretaría Xeral de Universidades e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a realización, dentro do curso 2019/20, da avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU) para o curso 2020/21 (DOG 09/03/2020).

RESOLUCIÓN do 20 de xullo de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2017/18, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato ( DOG 08/08/2017).

Aclaracións relativas a diversos aspectos do bacharelato derivados do réxime transitorio da implantación da LOMCE (29/09/2016)

Orden ECD/1941/2016, de 22 de decembro, por la que se determinan las características, el diseño y el contenido de la evaluación de Bachillerato para el acceso a la Universidad, las fechas máximas de realización y de resolución de los procedimientos de revisión de las calificaciones obtenidas, para el curso 2016/2017.(BOE 23/12/2016)

ORDE do 13 de xullo de 2016 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato e se regula o seu currículo e a súa oferta. (DOG 04/08/2016)

*RD 665/2015 do 17 de xullo*, polo que se desenrolan determinadas disposicións relativas ao exercicio da docencia na ESO, Bacharelato, FP e ensinanzas de réxime especial, á formación inicial do profesorado e ás especialidades dos corpos docentes de Ensinanza Secundaria. (BOE 18/7/2015)

*DECRETO 86/2015, do 25 de xuño*, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG 21/6/2015)

Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. (BOE 10/12/2013)

ORDE do 14 de xuño de 2013 pola que se desenvolve o Decreto 49/2013, do 21 de marzo, polo que se crean e se transforman institutos de educación secundaria da Comunidade Autónoma de Galicia. [DOG 25/06/2013]

DECRETO 49/2013, do 21 de marzo, polo que se crean e se transforman institutos de educación secundaria da Comunidade Autónoma de Galicia. [DOG 25/03/2013]

*RD 1834/2008 do 8 de novembro*, polo que se establecen as especialidades dos corpos docentes da ESO e Bacharelato (BOE 28/11/2008)

Decreto 201/2003 sobre autonomía e xestión económica (DOG 3/4/03)

## LINGUA NA QUE SE IMPARTEN AS MATERIAS

- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. (DOG núm. 97, do 25/05/2010).

**Introdución e contextualización da programación.**

O Departamento de Matemáticas do “I.E.S. NOSA SEÑORA DOS OLLOS GRANDES” está integrado no presente curso académico polos/as docentes que se relacionan ao final, tendo a Xefatura de Estudos constancia das materias e número de horas lectivas asignadas a cada un/unha deles/as.

A presente programación adecúase á normativa vixente para a mellora da calidade educativa. Así mesmo foi elaborada contemplando os posibles escenarios en función da situación sanitaria: actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou non presencial.

A partir dos informes individualizados elaborados á finalización do curso 2021/2022 e da avaliación inicial que se realizará durante a primeira semana deste curso escolar, reforzaranse os elementos curriculares esenciais e as competencias e aprendizaxes imprescindibles do curso anterior, os cales foron previamente determinados polos docentes do departamento, co fin de garantir a continuidade do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

O plan de reforzo desenvolverase mediante axustes curriculares, segundo as necesidades individuais do alumnado derivadas dos resultados da avaliación inicial, e estenderase, polo menos, durante o primeiro trimestre do curso 2022/2023. No plan de reforzo establecemos as medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado. Entre estas medidas estarán a proposta de tarefas globalizadas que requiran da posta en práctica de todas as competencias do alumnado, a aprendizaxe cooperativa, o uso das TIC como recurso didáctico, actividades que favorezan a auto-aprendizaxe, o pensamento crítico e creativo, a investigación mediante proxectos de traballo, entre outras.

En resumo, seguimos os seguintes criterios:

Análise e valoración das aprendizaxes imprescindibles que se impartiron e das que non se impartiron no curso 2021/2022.

Análise e valoración dos resultados da avaliación inicial de cada área e materia coa finalidade de detectar as carencias e necesidades do alumnado.

Incorporación das aprendizaxes non adquiridas a programación do novo curso escolar.

Seguindo ás recomendacións das instrucións citadas anteriormente, tratamos de dar un enfoque competencial e a través de propostas metodolóxicas activas e axustadas ás necesidades concretas do alumnado e grupo e que fomenten a colaboración e a participación do alumnado no seu proceso de aprendizaxe.

Fixéronse ás adaptacións necesarias que a docencia non presencial puidese requirir, identificando de forma expresa aqueles aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias clave, así como a elaboración de tarefas globais e as

estratexias e instrumentos de avaliación máis adecuados para a consecución deste obxectivo. Tamén se fixeron as revisións dos obxectivos da materia en cada nivel, así como das competencias clave que o alumnado poderá lograr como consecuencia da adaptación da programación.

Prestamos especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, sen prexuízo do desenvolvemento doutras medidas de atención a diversidade que se poidan establecer.

En relación coa metodoloxía didáctica, os recursos dixitais serán de utilización preferente e as actividades educativas planificadas poderanse desenvolver de forma presencial e non presencial, ademais de ter un carácter eminentemente práctico e potenciar o traballo en equipo e o proceso de avaliación continua.

Os procedementos e instrumentos de avaliación serán deseñados de forma que permitan determinar o nivel competencial acadado polo alumnado, sempre adecuándose as modalidades xa citadas de ensino presencial e non presencial.

As matemáticas facilítannos interpretar o mundo que nos rodea, reflicten a capacidade creativa, expresan con precisión conceptos e argumentos, favorecen a competencia para aprender a aprender e conteñen elementos de gran beleza, sen esquecer ademais o carácter instrumental que as matemáticas teñen como base fundamental para a adquisición de novos coñecementos noutras disciplinas, nomeadamente no proceso científico e tecnolóxico, e como forza condutora no desenvolvemento da cultura e das civilizacións.

As matemáticas contribúen especialmente ao desenvolvemento da competencia matemática, recoñecida como clave pola Unión Europea co nome de "Competencia matemática" e "Competencias básicas en ciencia e tecnoloxía". Esta consiste en formular, transformar e resolver problemas a partir de situacións da vida cotiá, doutras ciencias e das propias matemáticas. Para lograr isto cómpre analizar a situación, identificar o que é verdadeiramente relevante, establecer relacións, facer a modelización e ser quen de representala e comunicala utilizando diferentes linguaxes e rexistros; formular outros problemas, outras preguntas e, mesmo, atopar outras respostas que aparezan tras a análise, o traballo, a argumentación e a resolución da situación de partida.

É necesario utilizar conceptos, propiedades, procedementos e as linguaxes axeitadas para expresar as ideas matemáticas, e resolver os problemas asociados coa situación en cuestión. Estas actividades esixen a argumentación e a análise dos procedementos empregados e as solucións propostas. É dicir, a competencia matemática consiste en adquirir un hábito de pensamento matemático que permita establecer hipóteses e contrastalas, elaborar estratexias de resolución de problemas e axudar na toma de decisións axeitadas, tanto na vida persoal como na súa futura vida profesional.

O currículo de Matemáticas está organizado en cinco bloques; todos eles teñen a mesma importancia na formación integral da cidadanía do século XXI, e así debe



transmitirse ao alumnado, garantindo que ao remate de cada ciclo ningún se vexa minguido por razóns de distribución de contidos ou doutra índole.

A este respecto, cómpre sinalar que o currículo non debe verse como un conxunto de bloques independentes. É necesario que se desenvolva de xeito global, pensando nas conexións internas da materia, tanto dentro do curso como nas distintas etapas. Esta globalidade é salientable no que afecta ao bloque un, "Procesos, métodos e actitudes en matemáticas", que evoluciona desde a resolución de problemas en primeiro de ESO ata as demostracións formais do segundo curso do bacharelato. Trátase dun bloque transversal a toda a materia. A súa incorporación dentro dos outros bloques será a principal responsable da adquisición das competencias clave e garante da inclusión de temas interdisciplinares e transversais. Nel establécense dous dos eixes fundamentais no proceso de ensino e aprendizaxe das Matemáticas: a resolución de problemas e os proxectos de investigación.

A habilidade de formular, interpretar e resolver problemas, e de modelizar a realidade poñen en xogo distintas formas de pensamento: o pensamento converxente, indispensable para estruturar coñecementos de forma lóxica; o pensamento diverxente, que permite incorporar novas solucións ou asociacións non convencionais ao problema investigado; os pensamentos abstracto, algorítmico e computacional, vinculados á capacidade de abordar un problema automatizando o proceso e procurando solucións transferibles ou xeneralizables.

Neste proceso están involucradas todas as competencias: a comunicación lingüística, ao ler de forma comprensiva os enunciados e comunicar os resultados obtidos; a competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor, ao establecer un plan de traballo en revisión e modificación continua, na medida en que se vai resolvendo o problema; a competencia dixital, ao tratar adecuadamente a información e, de ser o caso, servir de apoio á resolución do problema, comprobación da solución e a presentación de resultados; a competencia social e cívica, ao implicar unha actitude aberta ante diferentes enfoques e solucións; a competencia aprender a aprender, tomando conciencia do proceso desenvolvido, das respostas logradas e das que aínda quedan por resolver; e a competencia de conciencia e expresións culturais, na medida en que o proxecto incorpore elementos culturais ou artísticos con base matemática.

Seguindo as recomendacións da Orde ECD/65/2015, para potenciar a motivación da aprendizaxe destas competencias é desexable unha metodoloxía activa e contextualizada, baseada nunha aprendizaxe cooperativa, onde cada persoa poida desenvolver distintos papeis, achegando ou incorporando ideas, asumindo responsabilidades e aceptando erros; unha metodoloxía baseada en actividades ou proxectos matemáticos que poñan en contexto os contidos aprendidos, o que permitirá fortalecer a autonomía persoal e o traballo en equipo, entre outras habilidades.

No desenvolvemento do currículo preténdese que os coñecementos, as competencias e os valores estean integrados. Os novos coñecementos que se deben adquirir teñen que apoiarse nos xa conseguidos: os contextos deben ser elixidos para que o alumnado se aproxime ao coñecemento de forma intuitiva mediante situacións

próximas a este, e vaia adquirindo cada vez maior complexidade, ampliando progresivamente a aplicación a problemas relacionados con fenómenos naturais e sociais e a outros contextos menos próximos á súa realidade inmediata.

Durante os primeiros cursos é necesario que o alumnado alcance soltura suficiente no cálculo, sempre apoiado na adquisición do sentido numérico, que abrangue cálculo mental, estimación e dominio reflexivo das propiedades e operacións. Posteriormente, ao longo das etapas educativas, o alumnado debe progresar na adquisición das habilidades de pensamento matemático; debe pasar de conseguir dominar os cálculos e as súas ferramentas a centrarse, xa no bacharelato, en desenvolver os procedementos e a capacidade de analizar e investigar, interpretar e comunicar de xeito matemático diversos fenómenos e problemas en distintos contextos, así como de proporcionar solucións prácticas a estes. Os procedementos, os razoamentos, a argumentación e a expresión matemática das situacións e dos problemas han contribuír de maneira especial a lograr a adquisición das competencias clave.

Enténdese por currículo a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas e etapas educativas. O currículo está integrado polos obxectivos, as competencias, os contidos, os criterios de avaliación, os estándares e os resultados de aprendizaxe avaliábeis, e pola metodoloxía didáctica.

O Decreto 86/2015 define os seguintes aspectos xerais do currículo:

- a) Obxectivos: referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin.
- b) Competencias: capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.
- c) Contidos: conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias. Os contidos ordénanse en disciplinas, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos, en función das ensinanzas, das etapas educativas ou dos programas en que participe o alumnado.
- d) Criterios de avaliación: referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina.
- e) Estándares de aprendizaxe avaliábeis: especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliábeis, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzado. Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.
- f) Metodoloxía didáctica: conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa

finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados.

**Competencias clave:** Tal e como se describe na LOMCE, todas as áreas ou materias do currículo deben participar no desenvolvemento das distintas competencias do alumnado. Estas, de acordo coas especificacións da lei, son:

1. *Comunicación lingüística (CCL)*
2. *Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)*
3. *Competencia dixital (CD)*
4. *Competencias sociais e cívicas (CSC)*
5. *Conciencia e expresións culturais (CCEC)*
6. *Aprender a aprender (CAA)*
7. *Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)*

No proxecto de Matemáticas, tal e como suxire a lei, potenciase o desenvolvemento das competencias de comunicación lingüística, competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía; ademais, para alcanzar unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, inclúense actividades de aprendizaxe integradas que permitirán ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Para valoralos, utilizaranse os estándares de aprendizaxe avaliábeis, como elementos de maior concreción, observables e medibles, se porán en relación coas competencias clave, permitindo graduar o rendemento ou o desempeño alcanzado en cada unha delas.

### ***Contribución da materia ás competencias clave na ESO:***

#### **Descrición do modelo competencial**

Na descrición do modelo competencial inclúese o marco de descritores competenciais, no que aparecen os contidos reconfigurados dende un enfoque de aplicación que facilita o adestramento das competencias; recordemos que estas non se estudan, nin se ensinan: adéstranse. Para iso, é necesaria a xeración de tarefas de aprendizaxe que permita ao alumnado a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Abordar cada competencia de xeito global en cada unidade didáctica é imposible; debido a iso, cada unha destas divídese en **indicadores de seguimento** (entre dous e cinco por competencia), grandes piares que permiten describila dun xeito máis preciso; dado que o carácter de estes é aínda moi xeral, o axuste do nivel de concreción esixe que os devanditos indicadores se dividan, á súa vez, no que se denominan **descritores de competencia**, que serán os que «describan» o grao competencial de alumnado. Por cada indicador de seguimento atoparemos entre dous e catro descritores, cos verbos en infinitivo.

En cada unidade didáctica, cada un destes descritores concrétese en **desempeños competenciais**, redactados en terceira persoa do singular do presente de indicativo. O desempeño é o aspecto específico da competencia que se pode adestrar e avaliar de xeito explícito; é, polo tanto, concreto e obxectivo. Para o seu desenvolvemento, partimos dun marco de descritores competenciais definido para o proxecto e aplicable a todas as materias e cursos a etapa.

Respectando o tratamento específico nalgúns áreas, os **elementos transversais**, tales como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional, traballaranse dende todas as áreas, posibilitando e fomentando que o proceso de ensino aprendizaxe do alumnado sexa o máis completo posible.

Por outra banda, o desenvolvemento e a aprendizaxe dos **valores**, presentes en todas as áreas, axudarán a que os nosos alumnos e alumnas aprendan a desenvolverse nunha sociedade ben consolidada na que todos poidamos vivir, e na construción da cal colaboren.

A diversidade dos nosos alumnos e alumnas, cos seus estilos de aprendizaxe diferentes, hanos de conducir a traballar dende as **diferentes potencialidades** de cada un deles, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder dar resposta ás súas necesidades.

### **Na área de Matemáticas**

Na área de Matemáticas incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático, facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

#### ***Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía***

A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía inducen e fortalecen algúns aspectos esenciais da formación das persoas que resultan fundamentais para a vida. Nunha sociedade onde o impacto das matemáticas, as ciencias e as tecnoloxías é determinante, a consecución e sostenibilidade do benestar social esixe condutas e toma de decisións persoais estreitamente vinculadas coa capacidade crítica e coa visión razoada e razoable das persoas.

Dende a área de Matemáticas traballaremos, fundamentalmente, cos seguintes descritores asociados a esta competencia:

Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no ámbito natural e as repercusións para a vida futura.

Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.

Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.

Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e comprender o que acontece a noso arredor.

Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto.

Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos, etc.) en situacións cotiás.

Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia.

Realizar argumentacións en calquera contexto con esquemas lóxico-matemáticos.

Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

### ***Comunicación lingüística***

A competencia en comunicación lingüística é o resultado da acción comunicativa dentro de prácticas sociais determinadas, nas cales o individuo actúa con outros interlocutores e a través de textos en múltiples modalidades, formatos e soportes. Estas situacións e prácticas poden implicar o uso dunha ou varias linguas, en diversos ámbitos e de xeito individual ou colectivo. Esta visión da competencia en comunicación lingüística vinculada con prácticas sociais determinadas ofrece unha imaxe do individuo como axente comunicativo que produce, e non solo recibe, mensaxes a través das linguas con distintas finalidades.

Dende a área de Matemáticas traballaremos, fundamentalmente, cos seguintes descritores asociados esta competencia:

Comprender o sentido dos textos escritos.

Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...

Expresar oralmente, de xeito ordenado e clara, calquera tipo de información.

Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.

Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.

### ***Competencia dixital***

A competencia dixital é aquela que implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e a comunicación para alcanzar os obxectivos relacionados co traballo, a empleabilidade, a aprendizaxe, o uso do tempo libre, a inclusión e participación na sociedade. Esta competencia supón, ademais da adecuación aos cambios que introducen as novas tecnoloxías na alfabetización, a lectura e a escritura, un conxunto novo de coñecementos, habilidades e actitudes necesarias hoxe en día para ser competente nun ámbito dixital.

Dende a área de Matemáticas traballaremos, fundamentalmente, cos seguintes descritores asociados esta competencia:

Empregar distintas fontes para a busca de información.

Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.

Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.

Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.

Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.

Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.

Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

### ***Conciencia e expresións culturais***

A competencia en conciencia e expresión cultural implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e disfrute persoal e considéralas como parte da riqueza e o patrimonio dos pobos.

Esta competencia incorpora tamén un compoñente expresivo referido á propia capacidade estética e creadora e ao dominio daquelas outras relacionadas cos diferentes códigos artísticos e culturais, para poder utilízalas como medio de comunicación e expresión persoal. Implica igualmente manifestar interese pola participación na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade como doutras comunidades.

Dende a área de Matemáticas traballaremos, fundamentalmente, cos seguintes descritores asociados esta competencia:

Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.

Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.

Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

### ***Competencias sociais e cívicas***

As competencias sociais e cívicas implican a habilidade e a capacidade para utilizar os coñecementos e as actitudes sobre a sociedade -entendida dende as diferentes perspectivas, na súa concepción dinámica, cambiante e complexa-, para interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados; para elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos conforme a normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas. Ademais de incluír accións a un nivel máis próximo e mediato ao individuo como parte dunha implicación cívica e social.

Dende a área de Matemáticas traballaremos, fundamentalmente, cos seguintes descritores asociados esta competencia:

Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.

Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.

Recoñecer a riqueza na diversidade de opinións e ideas.

### ***Sentido de iniciativa e espírito emprendedor***

A competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Iso significa adquirir conciencia da situación onde intervir ou resolver, e saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarios con criterio propio, co fin de alcanzar o obxectivo previsto. Esta competencia está presente nos ámbitos persoal, social, escolar e laboral nos que se desenvolven as persoas, permitíndolles o desenvolvemento das súas actividades e o aproveitamento de novas oportunidades. Constitúe igualmente o alicerce doutras capacidades e coñecementos máis específicos, e inclúe a conciencia dos valores éticos relacionados.

Dende a área de Matemáticas traballaremos, fundamentalmente, cos seguintes descritores asociados esta competencia:

Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.

Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.

Ser constante no traballo superando as dificultades.

Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.

Priorizar a consecución de obxectivos grupais a intereses persoais.

Xerar novas e diverxentes posibilidades dende coñecementos previos do tema.

Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.

Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.

### ***Aprender a aprender***

A competencia de aprender a aprender é fundamental para a aprendizaxe permanente que se produce ao longo da vida e que ten lugar en distintos contextos formais, non formais e informais. Esta competencia caracterízase pola habilidade para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe. Isto esixe, en primeiro lugar, a capacidade para motivarse por aprender. Esta motivación depende de que se xere a curiosidade e a necesidade de aprender, de que o estudante se sinta protagonista do proceso e do resultado da súa aprendizaxe e, finalmente, de que chegue a alcanzar as metas de aprendizaxe propostas e, con iso, que se produza nel unha percepción de autoeficacia. Todo o anterior contribúe a motivalo para abordar futuras tarefas de aprendizaxe.

Dende a área de Matemáticas traballaremos, fundamentalmente, cos seguintes descritores asociados esta competencia:

Identificar potencialidades persoais: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...

Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...

Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.  
Planificar os recursos necesarios e os pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.  
Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.  
Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.  
Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

## ***Programación dos cursos pares da ESO***

**A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:**

Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes



que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## **OBXECTIVOS. CONTIDOS. CRITERIOS DE AVALIACIÓN. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. COMPETENCIAS CLAVE. MÍNIMOS. 2º ESO**

Os obxectivos (referenciados aos xerais da ESO), contidos, criterios de avaliación, competencias claves, estándares de aprendizaxe e os valores mínimos para a superación da materia, están integrados e recóllense nas seguintes táboas que os integran e relacionan.

### **2º E.S.O.**

	Matemáticas. 2º ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimo
	Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas				
f h	B1.1. Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas.	B1.1. Expresar verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema.	MAB1.1.1. Expresa verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.	CCL CMCCT	
e f h	B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc. B1.3. Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc.	B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.	MAB1.2.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema). MAB1.2.2. Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema. MAB1.2.3. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas para resolver, valorando a súa utilidade e eficacia. MAB1.2.4. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso de resolución.	CMCCT CMCCT CMCCT CMCCT CAA	Si.    
b e f	B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas,	B1.3. Describir e analizar situacións de cambio, para encontrar patróns, regularidades e leis matemáticas, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, valorando	MAB1.3.1. Identifica patróns, regularidades e leis matemáticas en situacións de cambio, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos.	CMCCT CCEC	

Matemáticas. 2º ESO					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimo
g h	reconto exhaustivo, comezo por casos particulares Sinxelos, procura de regularidades e leis, etc. B1.4. Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes.	a súa utilidade para facer predicións.	MAB1.3.2. Utiliza as leis matemáticas achadas para realizar simulacións e predicións sobre os resultados esperables, valorando a súa eficacia e idoneidade.	CMCCT	
b e f	B1.3. Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc.	B1.4. Afondar en problemas resoltos formulando pequenas variacións nos datos, outras preguntas, outros contextos, etc.	MAB1.4.1. Afonda nos problemas logo de resolvelos, revisando o proceso de resolución e os pasos e as ideas as importantes, analizando a coherencia da solución ou procurando outras formas de resolución.	CMCCT	
			MAB1.4.2. Formúlase novos problemas a partir dun resolto, variando os datos, propondo novas preguntas, resolvendo outros problemas parecidos, formulando casos particulares ou máis xerais de interese, e establecendo conexións entre o problema e a realidade.	CMCCT CAA	
b f h	B1.4. Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes.	B1.5. Elaborar e presentar informes sobre o proceso, resultados e conclusións obtidas nos procesos de investigación.	MAB1.5.1. Expón e argumenta o proceso seguido, ademais das conclusións obtidas, utilizando distintas linguaxes (alxébrica, gráfica, xeométrica e estatístico-probabilística).	CCL CMCCT	Si.
a b	B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos	B1.6. Desenvolver procesos de matematización en contextos da realidade cotiá (numéricos,	MAB1.6.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese.	CMCCT CSC	

	Matemáticas. 2º ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimo
c d e f g	da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo.	xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos) a partir da identificación de situacións problemáticas da realidade.	MAB1.6.2. Establece conexións entre un problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel e os coñecementos matemáticos necesarios.	CMCCT CSIEE	
			MAB1.6.3. Usa, elabora ou constrúe modelos matemáticos sinxelos que permitan a resolución dun problema ou duns problemas dentro do campo das matemáticas.	CMCCT	
			MAB1.6.4. Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade.	CMCCT	Si
			MAB1.6.5. Realiza simulacións e predicións, en contexto real, para valorar a adecuación e as limitacións dos modelos, e propón melloras que aumenten a súa eficacia.	CMCCT	
b e f g	B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo.	B1.7. Valorar a modelización matemática como un recurso para resolver problemas da realidade cotiá, avaliando a eficacia e as limitacións dos modelos utilizados ou construídos.	MAB1.7.1. Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre el e os seus resultados, valorando outras opinións.	CMCCT CAA CSC	
a b c d e f g l	B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo.	B1.8. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao quefacer matemático.	MAB1.8.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada).	CMCCT CSIEE CSC	Si
			MAB1.8.2. Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, o esmero e o interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación.	CMCCT	
			MAB1.8.3. Distingue entre problemas e exercicios, e adopta a actitude axeitada para cada caso.	CMCCT	Si

	Matemáticas. 2º ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimo
m n ñ o			MAB1.8.4. Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas e procurar respostas axeitadas, tanto no estudo dos conceptos como na resolución de problemas.	CMCCT CAA CCEC	
			MAB1.8.5. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.	CMCCT CSIEE CSC	
b g	B1.6. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.	B1.9. Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situacións descoñecidas.	MAB1.9.1. Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación e de matematización ou de modelización, valorando as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.	CMCCT CSIEE	
b g	B1.6. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.	B1.10. Reflexionar sobre as decisións tomadas, e aprender diso para situacións similares futuras.	MAB1.10.1. Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolvidos, valorando a potencia e a sinxeleza das ideas clave, e apréndeo para situacións futuras similares.	CMCCT CAA	
		B1.7	Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: – Recollida ordenada e a organización de datos. – Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos; – Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais, e realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico. – Deseño de simulacións e a elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas. – Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e os resultados e conclusións obtidos. Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e as ideas matemáticas.		
1ª AVALIACIÓN		<b>BLOQUE B2</b>	<b>BLOQUE 2. NÚMEROS E ÁLXEBA</b>		
	1	B2.1.	Conxuntos numéricos. Recoñecemento de números que non poden expresarse en forma de fracción. Números irracionais	20	Unidade 1
		B2.2	Diferenciación de números racionais e irracionais. Expresión decimal e representación na recta real. Intervalos		

<b>Avaliación</b>	<b>UD/TEMA</b>	<b>CONTIDOS</b>		<b>Nº sesións</b>	<b>Referencia libro de texto</b>
		B2.3	Interpretación e utilización dos números reais e as operación en diferentes contextos, elixindo a notación e precisión máis axeitadas en cada caso.		
		B2.4	Potencias de expoñente enteiro ou fraccionario e radicais sinxelos. Relación entre potencias e radicais.		
		B2.5	Operacións e propiedades das potencias e dos radicais.		
		B2.6	Xerarquía das operacións		
	2	B2.7	Cálculo con porcentaxes.Xuro simple e composto	10	Unidade 1
	3	B2.9.	Manipulación de expresións alxébricas. Utilización de igualdades notables. Transformación de expresións alxébricas. Igualdades notables. Operacións elementais con polinomios. Factorización de polinomios.	10	Unidade 2
		B2.10	Polinomios. Raíces e factorización.		
		B2.12.	Fraccións alxébricas. Simplificación e operacións.		
	4	B2.11.	Resolución de ecuacións e sistemas de dúas ecuacións lineais con dúas incógnitas. Ecuacións de primeiro e segundo grao. Ecuacións factorizadas. Ecuacións racionais. Ecuacións con radicais. Sistemas de ecuacións lineais. Métodos de resolución (sustitución, igualación, redución, gráfico). Sistemas de ecuacións non lineais.	10	Unidade 3
		B2.13	Resolución de problemas cotiáns mediante ecuacións e sistemas.		
2ª AVALIACIÓN	5	B2.14	Inecuacións de primeiro e segundo grao. Interpretación gráfica. Resolución de problemas.	8	Unidade 4
	6	B2.8	Logaritmos: definición e propiedades.	8	Unidade 1
		<b>BLOQUE B4</b>	<b>BLOQUE 4. FUNCIÓNS</b>		
	7	B4.1.	Interpretación dun fenómeno descrito mediante un enunciado, unha táboa, unha gráfica ou una expresión analítica.	10	Unidade8,9
		B4.2	Funcións elementais (lineal, cuadrática, proporcionalidade inversa, exponencial e logarítmica,e definidas en anacos): características e parámetros.		
		B4.3	Taxa de variación media como medida da variación dunha función nun intervalo.		
		B4.4.	Utilización de calculadoras gráficas e software específico para a construción e a interpretación de gráficas		
		B4.3	Recoñecemento doutros modelos funcionais: aplicacións a contextos e situacións reais		
		<b>BLOQUE B3</b>	<b>BLOQUE 3. XEOMETRÍA</b>		



<b>Avaliación</b>	<b>UD/TEMA</b>	<b>CONTIDOS</b>		<b>Nª sesións</b>	<b>Referencia libro de texto</b>
3ª AVALIACIÓN	8	B3.5	Semellanza. Figuras semellantes. Razón entre lonxitudes, áreas e volumes de corpos semellantes.	14	Unidade 5,6
		B3.1	Medidas de ángulos no sistema sesaxesimal e en radiáns.		
		B3.2	Razóns trigonométricas. Relacións entre elas. Relacións métricas nos triángulos		
		B3.3	Aplicación dos coñecementos xeométricos á resolución de problemas métricos no mundo físico: medida de lonxitudes, áreas e volumes.		
	9	B3.4.	Iniciación á xeometría analítica no plano: coordenadas. Vectores. Ecuacións da recta. Paralelismo; perpendicularidade.	9	Unidade 7
		B3.6	Aplicacións informáticas de xeometría dinámica que facilite a comprensión de conceptos e propiedades xeométricas		
		<b>BLOQUE B5</b>	<b>BLOQUE 5. ESTATÍSTICA E PROBABILIDADE</b>		
	10	B5.7	Identificación das fases e as tarefas dun estudo estatístico.	9	Unidade 14
		B5.8	Gráficas estatísticas: tipos de gráficas. Análise crítica de táboas e gráficas estatísticas nos medios de comunicación e en fontes públicas oficiais (IGE, INE, etc.). Detección de falacias		
		B5.9	Medidas de centralización e dispersión: interpretación, análise e utilización.		
		B5.10.	Comparación de distribucións mediante o uso conxunto de medidas de posición e dispersión		
		B5.12	Aplicacións informáticas que faciliten o tratamento de datos estatísticos.		
	11	B5.11	Construción e interpretación de diagramas de dispersión. Introducción á correlación. Distribucións bidimensionais. Nube de puntos. Diagrama de dispersión. Correlación. Coeficiente de correlación. Interpretación. Recta de regresión.	6	Unidade 14
	12	B5.1.	Introdución á combinatoria: combinacións, variacións e permutacións.	8	Unidade 12,13
		B5.2.	Cálculo de probabilidades mediante a regra de Laplace e outras técnicas de recuento		
		B5.3	Probabilidade simple e composta. Sucesos dependentes e independentes		
		B5.4	Experiencias aleatorias compostas. Utilización de táboas de continxencia e diagramas de árbore para a asignación de probabilidades.		
		B5.5	Probabilidade condicionada.		

<b>Avaliación</b>	<b>UD/TEMA</b>	<b>CONTIDOS</b>		<b>Nª sesións</b>	<b>Referencia libro de texto</b>
		B5.6.	Utilización do vocabulario adecuado para describir e cuantificar situacións relacionadas co azar e a estatística.		

### ***Programación de 2º de bacharelato***

A presente programación adecúase á normativa vixente para a mellora da calidade educativa, e as directrices emanadas da Comisión de Coordinación Pedagóxica, incorporándose anualmente as modificacións propostas no Departamento encamiñadas a melloralas.

As matemáticas facilitánnos interpretar o mundo que nos rodea, reflicten a capacidade creativa, expresan con precisión conceptos e argumentos, favorecen a competencia para aprender a aprender e conteñen elementos de gran beleza, sen esquecer ademais o carácter instrumental que as matemáticas teñen como base fundamental para a adquisición de novos coñecementos noutras disciplinas, nomeadamente no proceso científico e tecnolóxico, e como forza condutora no desenvolvemento da cultura e das civilizacións.

As matemáticas contribúen especialmente ao desenvolvemento da competencia matemática, recoñecida como clave pola Unión Europea co nome de "Competencia matemática" e "Competencias básicas en ciencia e tecnoloxía". Esta consiste en formular, transformar e resolver problemas a partir de situacións da vida cotiá, doutras ciencias e das propias matemáticas. Para lograr isto cómpre analizar a situación, identificar o que é verdadeiramente relevante, establecer relacións, facer a modelización e ser quen de representala e comunicala utilizando diferentes linguaxes e rexistros; formular outros problemas, outras preguntas e, mesmo, atopar outras respostas que aparezan tras a análise, o traballo, a argumentación e a resolución da situación de partida.

É necesario utilizar conceptos, propiedades, procedementos e as linguaxes axeitadas para expresar as ideas matemáticas, e resolver os problemas asociados coa situación en cuestión. Estas actividades esixen a argumentación e a análise dos procedementos empregados e as solucións propostas. É dicir, a competencia matemática consiste en adquirir un hábito de pensamento matemático que permita establecer hipóteses e contrastalas, elaborar estratexias de resolución de problemas e axudar na toma de decisións axeitadas, tanto na vida persoal como na súa futura vida profesional.

O currículo de Matemáticas está organizado en cinco bloques; todos eles teñen a mesma importancia na formación integral da cidadanía do século XXI, e así debe transmitirse ao alumnado, garantindo que ao remate de cada ciclo ningún se vexa minguado por razóns de distribución de contidos ou doutra índole.

A este respecto, cómpre sinalar que o currículo non debe verse como un conxunto de bloques independentes. É necesario que se desenvolva de xeito global, pensando nas conexións internas da materia, tanto dentro do curso como nas distintas etapas. Esta globalidade é salientable no que afecta ao bloque un, "Procesos, métodos e actitudes en matemáticas", que evoluciona desde a resolución de problemas en primeiro de ESO ata as demostracións formais do segundo curso do bacharelato.

Trátase dun bloque transversal a toda a materia. A súa incorporación dentro dos outros bloques será a principal responsable da adquisición das competencias clave e garante da inclusión de temas interdisciplinares e transversais. Nel establécense dous dos eixes fundamentais no proceso de ensino e aprendizaxe das Matemáticas: a resolución de problemas e os proxectos de investigación. A habilidade de formular, interpretar e resolver problemas, e de modelizar a realidade poñen en xogo distintas formas de pensamento: o pensamento converxente, indispensable para estruturar coñecementos de forma lóxica; o pensamento diverxente, que permite incorporar novas solucións ou asociacións non convencionais ao problema investigado; os pensamentos abstracto, algorítmico e computacional, vinculados á capacidade de abordar un problema automatizando o proceso e procurando solucións transferibles ou xeneralizables. Neste proceso están involucradas todas as competencias: a comunicación lingüística, ao ler de forma comprensiva os enunciados e comunicar os resultados obtidos; a competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor, ao establecer un plan de traballo en revisión e modificación continua, na medida en que se vai resolvendo o problema; a competencia dixital, ao tratar adecuadamente a información e, de ser o caso, servir de apoio á resolución do problema, comprobación da solución e a presentación de resultados; a competencia social e cívica, ao implicar unha actitude aberta ante diferentes enfoques e solucións; a competencia aprender a aprender, tomando conciencia do proceso desenvolvido, das respostas logradas e das que aínda quedan por resolver; e a competencia de conciencia e expresións culturais, na medida en que o proxecto incorpore elementos culturais ou artísticos con base matemática.

Segundo as recomendacións da Orde ECD/65/2015, para potenciar a motivación da aprendizaxe destas competencias é desexable unha metodoloxía activa e contextualizada, baseada nunha aprendizaxe cooperativa, onde cada persoa poida desenvolver distintos papeis, achegando ou incorporando ideas, asumindo responsabilidades e aceptando erros; unha metodoloxía baseada en actividades ou proxectos matemáticos que poñan en contexto os contidos aprendidos, o que permitirá fortalecer a autonomía persoal e o traballo en equipo, entre outras habilidades.

No desenvolvemento do currículo preténdese que os coñecementos, as competencias e os valores estean integrados. Os novos coñecementos que se deben adquirir teñen que apoiarse nos xa conseguidos: os contextos deben ser elixidos para que o alumnado se aproxime ao coñecemento de forma intuitiva mediante situacións próximas a este, e vaia adquirindo cada vez maior complexidade, ampliando progresivamente a aplicación a problemas relacionados con fenómenos naturais e sociais e a outros contextos menos próximos á súa realidade inmediata.

Durante os primeiros cursos é necesario que o alumnado alcance soltura suficiente no cálculo, sempre apoiado na adquisición do sentido numérico, que abrangue cálculo mental, estimación e dominio reflexivo das propiedades e operacións. Posteriormente, ao longo das etapas educativas, o alumnado debe progresar na adquisición das habilidades de pensamento matemático; debe pasar de conseguir dominar os cálculos e as súas ferramentas a centrarse, xa no bacharelato, en desenvolver os procedementos e a capacidade de analizar e investigar, interpretar e comunicar de xeito matemático diversos fenómenos e problemas en distintos contextos, así como de proporcionar solucións prácticas a estes. Os procedementos, os razoamentos, a argumentación e a expresión matemática das situacións e dos problemas han contribuír de maneira especial a lograr a adquisición das competencias clave.

Enténdese por currículo a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas e etapas educativas. O currículo está integrado polos obxectivos, as competencias, os contidos, os criterios de avaliación, os estándares e os resultados de aprendizaxe avaliábeis, e pola metodoloxía didáctica.

O bacharelato ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado formación, madureza intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará o alumnado para acceder á educación superior.

O Decreto 86/2015 define os seguintes aspectos xerais do currículo:

**Obxectivos:** referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin.

**Competencias:** capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

**Contidos:** conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias. Os contidos ordénanse en disciplinas, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos, en función das ensinanzas, das etapas educativas ou dos programas en que participe o alumnado.

**Criterios de avaliación:** referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina.

**Estándares de aprendizaxe avaliábeis:** especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliábeis, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzado. Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.

f) Metodoloxía didáctica: conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados.

### **COMPETENCIAS CLAVE.**

As competencias clave do currículo son as seguintes:

Comunicación lingüística (CCL).

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

Competencia dixital (CD).

Aprender a aprender (CAA).

Competencias sociais e cívicas (CSC).

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

Conciencia e expresións culturais (CCEC).

### **Artigo 26. Obxectivos**

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

**OBXECTIVOS. CONTIDOS. CRITERIOS DE AVALIACIÓN. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.  
COMPETENCIAS CLAVE. MÍNIMOS. MATEMÁTICAS II**

Os obxectivos ( referenciados aos xerais do Bacharelato), contidos, criterios de avaliación, competencias claves, estándares de aprendizaxe e os valores mínimos para a superación da materia, están integrados e recóllense nas seguintes táboas que os integran e relacionan.

**MATEMÁTICAS II**

Matemáticas II 2º de bacharelato					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimo
Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas					
e i	B1.1. Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas.	B1.1. Expresar verbalmente, de forma razoada, o proceso seguido na resolución dun problema.	MA1B1.1.1. Expresa verbalmente, de forma razoada, o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.	CCL CMCCT	Si.
i l	B1.1. Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas. B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: relación con outros problemas coñecidos; modificación de variables; suposición do problema resolto. B1.3. Solucións e/ou resultados obtidos: coherencia das solucións coa situación, revisión sistemática do proceso, outras formas de	B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.	MA1B1.2.1. Analiza e comprende o enunciado para resolver ou demostrar (datos, relacións entre os datos, condicións, hipótese, coñecementos matemáticos necesarios, etc.).	CMCCT	Si.
			MA1B1.2.2. Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema.	CMCCT	
			MA1B1.2.3. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas para resolver, valorando a súa utilidade e a súa eficacia.	CMCCT	

	Matemáticas II 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimo
	resolución, problemas parecidos, xeneralizacións e particularizacións interesantes. B1.4. Iniciación á demostración en matemáticas: métodos, razoamentos, linguaxes, etc.		MA1B1.2.4. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas. MA1B1.2.5. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas.	CMCCT CAA	
d i l	B1.4. Iniciación á demostración en matemáticas: métodos, razoamentos, linguaxes, etc. B1.5. Métodos de demostración: redución ao absurdo, método de indución, contraexemplos, razoamentos encadeados, etc. B1.6. Razoamento dedutivo e indutivo. B1.7. Linguaxe gráfica e alxébrica, e outras formas de representación de argumentos.	B1.3. Realizar demostracións sinxelas de propiedades ou teoremas relativos a contidos alxébricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos.	MA1B1.3.1. Utiliza diferentes métodos de demostración en función do contexto matemático e reflexiona sobre o proceso de demostración (estrutura, método, linguaxe e símbolos, pasos clave, etc.).	CMCCT	
g i	B1.6. Razoamento dedutivo e indutivo. B1.7. Linguaxe gráfica e alxébrica, e outras formas de representación de argumentos. B1.8. Elaboración e presentación oral e/ou	B1.4. Elaborar un informe científico escrito que sirva para comunicar as ideas matemáticas xurdidas na resolución dun problema ou nunha demostración, coa precisión e o rigor adecuados.	MA1B1.4.1. Usa a linguaxe, a notación e os símbolos matemáticos adecuados ao contexto e á situación. MA1B1.4.2. Utiliza argumentos, xustificacións, explicacións e razoamentos explícitos e coherentes.	CMCCT	Si. Si.



	Matemáticas II 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimo
	<p>escrita, utilizando as ferramentas tecnolóxicas axeitadas, de informes científicos sobre o proceso seguido na resolución dun problema ou na demostración dun resultado matemático.</p> <p>B1.9. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para:</p> <p>Recollida ordenada e a organización de datos.</p> <p>Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos.</p> <p>Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais e a realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico.</p> <p>Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas.</p> <p>Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e os resultados e as conclusións obtidos.</p> <p>Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e das ideas matemáticas.</p>		<p>MA1B1.4.3. Emprega as ferramentas tecnolóxicas adecuadas ao tipo de problema, situación para resolver ou propiedade ou teorema para demostrar, tanto na procura de resultados como para a mellora da eficacia na comunicación das ideas matemáticas.</p>	CMCCT CD	
i l m	B1.10. Planificación e realización de proxectos e investigacións matemáticas a partir de contextos da realidade ou do mundo das matemáticas, de xeito individual e en equipo.	B1.5. Planificar adecuadamente o proceso de investigación, tendo en conta o contexto en que se desenvolve e o problema de investigación formulado.	MA1B1.5.1. Coñece a estrutura do proceso de elaboración dunha investigación matemática (problema de investigación, estado da cuestión, obxectivos, hipótese, metodoloxía, resultados, conclusións, etc.).	CMCCT	

	Matemáticas II 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimo
			MA1B1.5.2. Planifica axeitadamente o proceso de investigación, tendo en conta o contexto en que se desenvolve e o problema de investigación formulado.	CMCCT CSIEE	
			MA1B1.5.3. Afonda na resolución dalgúns problemas, formulando novas preguntas, xeneralizando a situación ou os resultados, etc.	CMCCT	
b d h i l m n	B1.4. Iniciación á demostración en matemáticas: métodos, razoamentos, linguaxes, etc. B1.5. Métodos de demostración: redución ao absurdo, método de indución, contraexemplos, razoamentos encadeados, etc. B1.6. Razoamento dedutivo e indutivo. B1.7. Linguaxe gráfica e alxébrica, e outras formas de representación de argumentos. B1.10. Planificación e realización de proxectos e investigacións matemáticas a partir de contextos da realidade ou contextos do mundo das matemáticas, de xeito individual e en equipo.	B1.6. Practicar estratexias para a xeración de investigacións matemáticas, a partir da resolución dun problema e o afondamento posterior, a xeneralización de propiedades e leis matemáticas, e o afondamento nalgún momento da historia das matemáticas, concretando todo iso en contextos numéricos, alxébricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos.	MA1B1.6.1. Xeneraliza e demostra propiedades de contextos matemáticos numéricos, alxébricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos.	CMCCT	
			MA1B1.6.2. Procura conexións entre contextos da realidade e do mundo das matemáticas (a historia da humanidade e a historia das matemáticas; arte e matemáticas; tecnoloxías e matemáticas, ciencias experimentais e matemáticas, economía e matemáticas, etc.) e entre contextos matemáticos (numéricos e xeométricos, xeométricos e funcionais, xeométricos e probabilísticos, discretos e continuos, finitos e infinitos, etc.).	CMCCT CSC CCEC	
e g i	B1.7. Linguaxe gráfica e alxébrica, e outras formas de representación de argumentos. B1.10. Planificación e realización de proxectos e investigacións matemáticas a partir de contextos da realidade ou do mundo das matemáticas, de xeito individual e en equipo. B1.11. Elaboración e presentación dun informe	B1.7. Elaborar un informe científico escrito que recolla o proceso de investigación realizado, coa precisión e o rigor adecuados.	MA1B1.7.1. Consulta as fontes de información adecuadas ao problema de investigación.	CMCCT	
			MA1B1.7.2. Usa a linguaxe, a notación e os símbolos matemáticos adecuados ao contexto do problema de investigación.	CMCCT	
			MA1B1.7.3. Utiliza argumentos, xustificacións, explicacións e razoamentos explícitos e coherentes.	CCL CMCCT	Si.

Matemáticas II 2º de bacharelato					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimo
	científico sobre o proceso, os resultados e as conclusións do proceso de investigación desenvolvido, utilizando as ferramentas e os medios tecnolóxicos axeitados.		MA1B1.7.4. Emprega as ferramentas tecnolóxicas adecuadas ao tipo de problema de investigación.	CMCCT CD	
			MA1B1.7.5. Transmite certeza e seguridade na comunicación das ideas, así como dominio do tema de investigación.	CCL	
			MA1B1.7.6. Reflexiona sobre o proceso de investigación e elabora conclusións sobre o nivel de resolución do problema de investigación e de consecución de obxectivos, e, así mesmo, formula posibles continuacións da investigación, analiza os puntos fortes e débiles do proceso, e fai explícitas as súas impresións persoais sobre a experiencia.	CMCCT	
i l	B1.12. Práctica de procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e matemáticos, de xeito individual e en equipo.	B1.8. Desenvolver procesos de matematización en contextos da realidade cotiá (numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos) a partir da identificación de problemas en situacións da realidade.	MA1B1.8.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese.	CMCCT CSC	
			MA1B1.8.2. Establece conexións entre o problema do mundo real e o matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel, así como os coñecementos matemáticos necesarios.	CMCCT	
			MA1B1.8.3. Usa, elabora ou constrúe modelos matemáticos axeitados que permitan a resolución do problema ou problemas dentro do campo das matemáticas.	CMCCT	
			MA1B1.8.4. Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade.	CMCCT	Si.
			MA1B1.8.5. Realiza simulacións e predicións, en contexto real, para valorar a adecuación e as limitacións dos modelos, e propón melloras que aumenten a súa eficacia.	CMCCT	

	Matemáticas II 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimo
i	B1.12. Práctica de procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e matemáticos, de xeito individual e en equipo.	B1.9. Valorar a modelización matemática como un recurso para resolver problemas da realidade cotiá, avaliando a eficacia e as limitacións dos modelos utilizados ou construídos.	MA1B1.9.1. Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre os logros conseguidos, resultados mellorables, impresións persoais do proceso, etc., valorando outras opinións	CMCCT	
a b c d e f g h i l m n ñ o	B1.10. Planificación e realización de proxectos e investigacións matemáticas a partir de contextos da realidade ou do mundo das matemáticas, de xeito individual e en equipo. B1.12. Práctica de procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e matemáticos, de xeito individual e en equipo.	B1.10. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao quefacer matemático.	MA1B1.10.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade para a aceptación da crítica razoada, convivencia coa incerteza, tolerancia da frustración, autoanálise continua, autocrítica constante, etc.).	CMCCT CSC CSIEE	
			MA1B1.10.2. Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, esmero e interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación.	CMCCT	
			MA1B1.10.3. Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formularse preguntas e buscar respostas axeitadas, revisar de forma crítica os resultados atopados, etc	CMCCT CAA	
			MA1B1.10.4. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.	CSC CSIEE	
b j l m	B1.13. Confiianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.	B1.11. Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situacións descoñecidas.	MA1B1.11.1. Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación e de matematización ou de modelización, valorando as consecuencias destas e a conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.	CMCCT CSIEE	
b j l	B1.13. Confiianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.	B1.12. Reflexionar sobre as decisións tomadas, valorando a súa eficacia e aprendendo delas para situacións similares futuras.	MA1B1.12.1. Reflexiona sobre os procesos desenvolvidos, tomando conciencia das súas estruturas, valorando a potencia, a sinxeleza e a beleza das ideas e dos métodos utilizados, e aprendendo diso para situacións futuras.	CMCCT CAA	

Matemáticas II 2º de bacharelato					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimo
g i	B1.9. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: Recollida ordenada e a organización de datos. Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos. Facilitar a comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais e a realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico. Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas. Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e os resultados e conclusións obtidos. Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e das ideas matemáticas.	B1.13. Empregar as ferramentas tecnolóxicas axeitadas, de forma autónoma, realizando cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, facendo representacións gráficas, recreando situacións matemáticas mediante simulacións ou analizando con sentido crítico situacións diversas que axuden á comprensión de conceptos matemáticos ou á resolución de problemas.	MA1B1.13.1. Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízalas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente.	CMCCT CD	
			MA1B1.13.2. Utiliza medios tecnolóxicos para facer representacións gráficas de funcións con expresións alxébricas complexas e extraer información cualitativa e cuantitativa sobre elas.	CMCCT	
			MA1B1.13.3. Deseña representacións gráficas para explicar o proceso seguido na solución de problemas, mediante a utilización de medios tecnolóxicos.	CMCCT	
			MA1B1.13.4. Recrea ámbitos e obxectos xeométricos con ferramentas tecnolóxicas interactivas para amosar, analizar e comprender propiedades xeométricas.	CMCCT	
			MA1B1.13.5. Utiliza medios tecnolóxicos para o tratamento de datos e gráficas estatísticas, extraer información e elaborar conclusións.	CMCCT	
e g i	B1.9. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: Recollida ordenada e a organización de datos. Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos. Facilitar a comprensión de conceptos e	B1.14. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de maneira habitual no proceso de aprendizaxe, procurando, analizando e seleccionando información salientable en internet ou noutras fontes, elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións destes, e compartíndoos en ámbitos apropiados	MA1B1.14.1. Elabora documentos dixitais propios (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información relevante, coa ferramenta tecnolóxica axeitada, e compárteos para a súa discusión ou difusión.	CD	
			MA1B1.14.2. Utiliza os recursos creados para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula.	CCL	

	Matemáticas II 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimo
	propiedades xeométricas ou funcionais e a realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico. Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas. Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e os resultados e conclusións obtidos. Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e das ideas matemáticas.	para facilitar a interacción.	MA1B1.14.3. Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo, e establecendo pautas de mellora.  MA1B1.14.4. Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ideas e tarefas.	CD CAA	
				CD CSC CSIEE	
	Bloque 2. Números e álgebra				
g i	□□□B2.1. Estudo das matrices como ferramenta para manexar e operar con datos estruturados en táboas e grafos. Clasificación de matrices. Operacións. □□B2.2. Aplicación das operacións das matrices e das súas propiedades na resolución de problemas extraídos de contextos reais.	□□B2.1. Utilizar a linguaxe matricial e as operacións con matrices para describir e interpretar datos e relacións na resolución de problemas diversos.	□□MA2B2.1.1. Utiliza a linguaxe matricial para representar datos facilitados mediante táboas ou grafos e para representar sistemas de ecuacións lineais, tanto de xeito manual como co apoio de medios tecnolóxicos axeitados.	CMCCT	Si.
			□□MA2B2.1.2. Realiza operación con matrices e aplica as propiedades destas operacións adecuadamente, de xeito manual ou co apoio de medios tecnolóxicos.	CMCCT	Si.

	Matemáticas II 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimo
e i	<p>□□B2.1. Estudo das matrices como ferramenta para manexar e operar con datos estruturados en táboas e grafos. Clasificación de matrices. Operacións.</p> <p>□□B2.2. Aplicación das operacións das matrices e das súas propiedades na resolución de problemas extraídos de contextos reais.</p> <p>□□B2.3. Determinantes. Propiedades elementais.</p> <p>□□B2.4. Rango dunha matriz.</p> <p>□□B2.5. Matriz inversa.</p> <p>□□B2.6. Representación matricial dun sistema: discusión e resolución de sistemas de ecuacións lineais. Método de Gauss. Regra de Cramer.</p> <p>Aplicación á resolución de problemas.</p>	<p>□□B2.2. Transcribir problemas expresados en linguaxe usual á linguaxe alxébrica e resolvelos utilizando técnicas alxébricas determinadas (matrices, determinantes e sistemas de ecuacións), e interpretar criticamente o significado das solucións.</p>	<p>□□MA2B2.2.1. Determina o rango dunha matriz, ata orde 4, aplicando o método de Gauss ou determinantes.</p>	CMCCT	Si.
			<p>□□MA2B2.2.2. Determina as condicións para que unha matriz teña inversa e calcúlala empregando o método máis axeitado.</p>	CMCCT	Si.
			<p>□□MA2B2.2.3. Resolve problemas susceptibles de seren representados matricialmente e interpreta os resultados obtidos</p>	CMCCT	
			<p>MA2B2.2.4. Formula alxebricamente as restricións indicadas nunha situación da vida real, estuda e clasifica o sistema de ecuacións lineais formulado, resólveo nos casos en que sexa posible (empregando o método máis axeitado), e aplícao para resolver problemas.</p>	CMCCT	Si.
	Bloque 3. Análise				
i	<p>□□B3.1. Límite dunha función nun punto e no infinito. Continuidade dunha función. Tipos de discontinuidade. Teorema de Bolzano.</p> <p>□□B3.2. Función derivada. Teoremas de Rolle e do valor medio. A regra de L'Hôpital. Aplicación ao cálculo de límites.</p> <p>□□B3.3. Aplicacións da derivada: problemas de optimización.</p>	<p>□□B3.1. Estudar a continuidade dunha función nun punto ou nun intervalo, aplicando os resultados que se derivan diso.</p>	<p>□□MA2B3.1.1. Coñece as propiedades das funcións continuas e representa a función nun ámbito dos puntos de discontinuidade.</p>	CMCCT	Si.
			<p>□□MA2B3.1.2. Aplica os conceptos de límite e de derivada á resolución de problemas, así como os teoremas relacionados.</p>	CMCCT	Si.

	Matemáticas II 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimo
i	□□B3.2. Función derivada. Teoremas de Rolle e do valor medio. Regra de L'Hôpital. Aplicación ao cálculo de límites. □□B3.3. Aplicacións da derivada: problemas de optimización.	□□B3.2. Aplicar o concepto de derivada dunha función nun punto, a súa interpretación xeométrica e o cálculo de derivadas ao estudo de fenómenos naturais, sociais ou tecnolóxicos, e á resolución de problemas xeométricos, de cálculo de límites e de optimización.	□□MA2B3.2.1. Aplica a regra de L'Hôpital para resolver indeterminacións no cálculo de límites.	CMCCT	Si.
			□□MA2B3.2.2. Formula problemas de optimización relacionados coa xeometría ou coas ciencias experimentais e sociais, resólveos e interpreta o resultado obtido dentro do contexto.	CMCCT	Si.
i	□□B3.4. Primitiva dunha función. Integral indefinida. Propiedades. Técnicas elementais para o cálculo de primitivas (integrais inmediatas e case inmediatas, racionais, por partes e por cambios de variable sinxelos).	□□B3.3. Calcular integrais de función sinxelas aplicando as técnicas básicas para o cálculo de primitivas.	□□MA2B3.3.1. Aplica os métodos básicos para o cálculo de primitivas de funcións.	CMCCT	Si.
g i	□□B3.5. Integral definida. Teoremas do valor medio e fundamental do cálculo integral. Regra de Barrow. Aplicación ao cálculo de áreas de rexións planas.	□□B3.4. Aplicar o cálculo de integrais definidas na medida de áreas de rexións planas limitadas por rectas e curvas sinxelas que sexan doadamente representables e, en xeral, á resolución de problemas.	□□MA2B3.4.1. Calcula a área de recintos limitados por rectas e curvas sinxelas ou por dúas curvas.	CMCCT	Si.
			□□MA2B3.4.2. Utiliza os medios tecnolóxicos axeitados para representar e resolver problemas de áreas de recintos limitados por funcións coñecidas.	CMCCT	Si.
	Bloque 4. Xeometría				
i	□□B4.1. Vectores no espazo tridimensional. Operacións. Base, dependencia e independencia lineal. Produto escalar, vectorial e mixto. Significado xeométrico.	□□B4.1. Resolver problemas xeométricos espaciais, utilizando vectores.	□□MA2B4.1.1. Realiza operación elementais con vectores, manexando correctamente os conceptos de base e de dependencia e independencia lineal, e define e manexa as operacións básicas con vectores no espazo, utilizando a interpretación xeométrica das operacións con vectores para resolver problemas xeométricos.	CMCCT	Si.



Matemáticas II 2º de bacharelato					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimo
i	<p>□□B4.2. Ecuacións da recta e o plano no espazo. Identificación dos elementos característicos.</p> <p>□□B4.3. Posicións relativas (incidencia, paralelismo e perpendicularidade entre rectas e planos).</p>	<p>□□B4.2. Resolver problemas de incidencia, paralelismo e perpendicularidade entre rectas e planos utilizando as ecuacións da recta e do plano no espazo.</p>	<p>□□MA2B4.2.1. Expresa a ecuación da recta das súas distintas formas, pasando dunha a outra correctamente, identificando en cada caso os seus elementos característicos, e resolvendo os problemas afíns entre rectas.</p>	CMCCT	Si.
			<p>□□MA2B4.2.2. Obtén a ecuación do plano nas súas distintas formas, pasando dunha a outra correctamente, identificando en cada caso os seus elementos característicos.</p>	CMCCT	Si.
			<p>□□MA2B4.2.3. Analiza a posición relativa de planos e rectas no espazo, aplicando métodos matriciais e alxébricos.</p>	CMCCT	Si.
			<p>□□MA2B4.2.4. Obtén as ecuacións de rectas e planos en diferentes situacións.</p>	CMCCT	Si.
i	<p>□□B4.1. Vectores no espazo tridimensional. Operacións. Base, dependencia e independencia lineal. Produto escalar, vectorial e mixto. Significado xeométrico.</p> <p>□□B4.2. Ecuacións da recta e o plano no espazo. Identificación dos elementos característicos.</p> <p>□□B4.4. Propiedades métricas (cálculo de ángulos, distancias, áreas e volumes).</p>	<p>□□B4.3. Utilizar os produtos entre vectores para calcular ángulos, distancias, áreas e volumes, calculando o seu valor e tendo en conta o seu significado xeométrico.</p>	<p>□□MA2B4.3.1. Manexa o produto escalar e vectorial de dous vectores, o significado xeométrico, a expresión analítica e as propiedades.</p> <p>□□MA2B4.3.2. Coñece o produto mixto de tres vectores, o seu significado xeométrico, a súa expresión analítica e as propiedades.</p> <p>□□MA2B4.3.3. Determina ángulos, distancias, áreas e volumes utilizando os produtos escalar, vectorial e mixto, aplicándoos en cada caso á resolución de problemas xeométricos.</p>	CMCCT	Si.
				CMCCT	Si.
				CMCCT	Si.

Matemáticas II 2º de bacharelato					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimo
			□□MA2B4.3.4. Realiza investigación utilizando programas informáticos específicos para seleccionar e estudar situacións novas da xeometría relativas a obxectos como a esfera.	CMCCT	
	Bloque 5. Estatística e Probabilidade				
i	□□B5.1. Sucesos. Operacións con sucesos. Asignación de probabilidades a sucesos mediante a regra de Laplace e a partir da súa frecuencia relativa. Axiomática de Kolmogorov. □□B5.2. Aplicación da combinatoria ao cálculo de probabilidades. □□B5.3. Experimentos simples e compostos. Probabilidade condicionada. Dependencia e independencia de sucesos. □□B5.4. Teoremas da probabilidade total e de Bayes. Probabilidades iniciais e finais e verosimilitude dun suceso.	□□B5.1. Asignar probabilidades a sucesos aleatorios en experimentos simples e compostos (utilizando a regra de Laplace en combinación con diferentes técnicas de recuento e a axiomática da probabilidade), así como a sucesos aleatorios condicionados (teorema de Bayes), en contextos relacionados co mundo real.	□□MA2B5.1.1. Calcula a probabilidade de sucesos en experimentos simples e compostos, condicionada ou non, mediante a regra de Laplace, as fórmulas derivadas da axiomática de Kolmogorov e diferentes técnicas de recuento.	CMCCT	Si.
			□□MA2B5.1.2. Calcula probabilidades a partir dos sucesos que constitúen unha partición do espazo mostral.	CMCCT	Si.
			□□MA2B5.1.3. Calcula a probabilidade final dun suceso aplicando a fórmula de Bayes.	CMCCT	Si.
g i	□□B5.5. Variables aleatorias discretas (distribución de probabilidade, media, varianza e desviación típica) e continuas (función de densidade e	□□B5.2. Identificar os fenómenos que poden modelizarse mediante as distribucións de probabilidade binomial e normal, calculando os	□□MA2B5.2.1. Identifica fenómenos que poden modelizarse mediante a distribución binomial, obtén os seus parámetros e calcula a súa media e desviación típica.	CMCCT	Si.

Matemáticas II 2º de bacharelato					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimo
	función de distribución). <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> B5.6. Distribución binomial. Caracterización e identificación do modelo. Cálculo de probabilidades. <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> B5.7. Distribución normal. Tipificación da distribución normal. Asignación de probabilidades nunha distribución normal. <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> B5.8. Cálculo de probabilidades mediante a aproximación da distribución binomial pola normal.	seus parámetros e determinando a probabilidade de diferentes sucesos asociados.	<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> MA2B5.2.2. Calcula probabilidades asociadas a unha distribución binomial a partir da súa función de probabilidade, da táboa da distribución ou mediante calculadora, folla de cálculo ou outra ferramenta tecnolóxica.	CMCC T	Si.
			<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> MA2B5.2.3. Coñece as características e os parámetros da distribución normal e valora a súa importancia no mundo científico.	CMCC T	
			<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> MA2B5.2.4. Calcula probabilidades de sucesos asociados a fenómenos que poden modelizarse mediante a distribución normal a partir da táboa da distribución ou mediante calculadora, folla de cálculo ou outra ferramenta tecnolóxica.	CMCC T	Si.
			<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> MA2B5.2.5. Calcula probabilidades de sucesos asociados a fenómenos que poden modelizarse mediante a distribución binomial a partir da súa aproximación pola normal, valorando se se dan as condicións necesarias para que sexa válida.	CMCC T	Si.
Materiais facilitados polo profesorado (contidos teóricos e prácticos presenciais e online; boletíns de exercicios e problemas, con e sen solucións, presenciais e online; tarefas con prazo de entrega presenciais e online; cuestionarios presenciais e online; autoavaliacións presenciais e online; kahoots; vídeos interactivos; etc.).

En tódolos cursos as alumnas e alumnos utilizarán o libro de texto ou a plataforma E-dixgal, segundo sexa o caso, como ferramenta de consulta, e como principal fonte dos contidos teóricos e das actividades prácticas que o profesorado lles propondá; tamén se empregará como fonte de textos para lecturas sobre acontecementos e persoas relacionadas coas matemáticas ao longo da historia. O libro de texto e o uso de E-dixgal será complementado con outras actividades e propostas de traballo dadas en fichas ou boletíns de exercicios elaborados ou escollidos polo profesorado e que o alumnado terá a súa disposición, tanto presencialmente coma colgados na aula virtual, segundo a ocasión o requira: reforzo da aprendizaxe, ampliación, diagnóstico, fomento da lectura, aplicacións das TIC, etc.

Os libros de texto foron escollidos tendo en conta o colectivo de alumnos e alumnas ós que queremos ensinar; con explicacións teóricas sinxelas, con gran cantidade de actividades prácticas (variadas e aplicadas a contextos reais) axeitadas ó nivel educativo correspondente, e que dispuxera ademais de abundante material complementario. Na medida do posible procurarase usar calculadoras e ordenadores como apoio, tanto na aula para a análise de datos, para proporcionar imaxes de conceptos matemáticos, ou como axuda na tarefa de investigación e descubrimento ou como ferramentas indispensables para traballar na casa a través das plataformas xa mencionadas.

### **Tratamento de Fomento da Lectura**

### **Plan anual de lectura do departamento de matemáticas**

Os principais obxectivos e logros que deben desenvolver os estudantes prodúcense nas chamadas "Áreas Instrumentais", isto é o linguaxe e as matemáticas. Con esta finalidade, empregaranse cun enfoque funcional as distintas tecnoloxías da comunicación e da información ao alcance do alumnado, para incidir en aspectos específicos destes soportes e linguaxes de cara a unha utilización eficaz, comprensiva e ética deles.

### **Dedicación á lectura na aula**

#### **Obxectivos**

Incidirase na identificación da finalidade da lectura e na forma de axustar a lectura ao obxectivo en cada ocasión. Ensinaranse estratexias de comprensión lectora. Realizarase unha avaliación continuada dos avances ou dificultades da posta en marcha do proxecto e das súas concrecións nos plans anuais de lectura.

#### **Temporalización e espazos para a lectura**

A formación da lectura comprensiva esixe, pola súa vez, un traballo progresivo e continuado, todos os días dedicárase unha parte da clase a lectura comprensiva de textos históricos, problemas ou curiosidades relacionadas coas matemáticas. Este curso académico, tanto en 1º ESO como en 2º ESO adicárase unha das horas da semana, exclusivamente ó traballo da comprensión lectora para a resolución de problemas, posto que unha das carencias máis apremiantes que se observa no alumnado reside nesta falta de comprensión lectora (básica para os posteriores pasos de bosquejo, resolución e comprobación das solucións obtidas á hora de resolver un problema).

#### **Carácter das lecturas**

Traballarase con todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos, revistas, obras documentais, científicas, de referencia, de consulta,...; en soporte impreso ou electrónico.

#### **Criterios de avaliación**

Para a avaliación de aspectos relacionados co hábito lector terase en conta non só os índices de lectura, senón tamén a capacidade do alumnado para avanzar na súa competencia literaria e ser quen de enfrentarse a textos cada vez máis complexos, así como a súa actitude diante da lectura como medio para a aprendizaxe, fonte de pracer e recurso para o desenvolvemento persoal.

#### **Plan TIC**

Manexo de todas e cada unha das diferentes ferramentas axeitadas e dos variados recursos didácticos para o bo desenvolvemento das aprendizaxes do alumnado que se veñen citando o longo de todo este documento.

#### **Plan de Igualdade**

Uso continuado de vocabulario coeducativo nos diferentes soportes nos que o alumnado recibe os materiais dados polo profesorado, tanto teóricos como prácticos; traballo de reflexión coa análise de

diversas lecturas que tratan esta temática; proposta de actividades e tarefas que reflictan a necesidade da visibilidade da "desigualdade"; etc.

### **Plan de vida Saudable**

O profesorado promoverá a práctica diaria de deporte e exercicio físico por parte dos alumnos e das alumnas durante a xornada escolar, en relación coa promoción dunha vida activa, saudable e autónoma. A actividade educativa e docente terá como obxectivos desenvolver no alumnado o afán de coñecemento, a capacidade de análise da realidade, a procura de informacións obxectivas, a valoración das diversas perspectivas, o espírito crítico e reflexivo, a capacidade de decisión e a aprendizaxe da sistematización científica.

## **Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.**

### **Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe**

As matemáticas como instrumento para explicar e comprender a nosa contorna. Débense proporcionar ao alumnado situacións reais e próximas á súa realidade cotiá nas que o contido e os procesos matemáticos cobren significado. Para iso, pódese acudir as ás aplicacións e á utilización que outras ciencias fan do coñecemento matemático. Neste contexto, o uso de tarefas de modelización matemática pode resultar especialmente significativo dado que o alumnado terá unha especial relevancia na construción da súa aprendizaxe mostrando a aplicabilidade e a funcionabilidade das matemáticas e a súa conexión co mundo que o rodea.

A achega de exemplos cos que o alumnado se sinta familiarizado favorecerá unha actitude moito máis positiva cara á súa formación. Explicar a transcendencia dos novos contidos na aprendizaxe do alumnado farao máis consciente do seu proceso de formación. Divulgar a achega de cada unha das partes das matemáticas ao progreso social contribuirá a que o alumnado se involucre na súa aprendizaxe.

A aprendizaxe a través da resolución de problemas. As estratexias de resolución de problemas constitúen unha das liñas principais dentro da actividade matemática. Resolver problemas non debe ser soamente un dos obxectivos das matemáticas, senón un dos principais procedementos para a súa aprendizaxe. A discusión de situacións susceptibles de abordarse a través do razoamento matemático e os distintos métodos para a súa resolución son un punto de partida e unha xustificación para a construción de conceptos e procesos matemáticos, así como unha oportunidade para que o alumnado aplique os seus coñecementos e os amplíe.

O pensamento computacional como un elemento intimamente ligado ao pensamento matemático. A utilización na aula de actividades que promovan o pensamento computacional enriquecerá o proceso de ensino e aprendizaxe estimulando a creatividade e potenciando a capacidade de razoamento. Tanto o pensamento matemático coma o computacional implican o recoñecemento de patróns, a descomposición de procesos, o deseño de algoritmos, a modelización e a necesidade de explorar diferentes formas de resolución. Esta descomposición de procesos en partes máis sinxelas, así como a progresividade no nivel de dificultade á hora de abordar os problemas, fará medrar a autoestima do alumnado en relación coas matemáticas ao ser máis conscientes da súa evolución.

O fomento do traballo en equipo. A resolución de moitas situacións problematizadas necesitará de algo máis ca dun simple traballo individual, requirirá compartir coñecementos, capacidades, destrezas e esforzos. Esta modalidade é unha estratexia que lle permite ao alumnado desenvolver diversas competencias tanto no eido intelectual coma social. O traballo en equipo vai incrementar a motivación, reforzar a autoestima, estimular a creatividade, aumentar a autonomía, promover a reflexión, fomentar a responsabilidade, intercambiar experiencias e favorecer as habilidades sociais.

O uso de distintas metodoloxías que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado promoverán o traballo en equipo, favorecerán a capacidade de aprender por si mesmos e desenvolverán as habilidades necesarias que lle permitan seguir aprendendo ao longo da vida. É necesario que o alumnado adquira os coñecementos matemáticos a través de diferentes métodos e medios, tanto para a súa aplicación posterior coma para fortalecer o seu propio proceso de aprendizaxe. O material manipulativo, os xogos e as ferramentas tecnolóxicas serán fundamentais para contribuír a unha mellor representación e comprensión dos conceptos e deberán convivir e complementar outros materiais presentes na aula.

A contribución a formar cidadáns e cidadás competentes social e emocionalmente. É necesario presentar as matemáticas desde unha perspectiva socioemocional e promover o desenvolvemento de destrezas que permitan ao alumnado autoxestionar as súas emocións, aumentar a capacidade de tomar decisións de forma crítica, valorar opinións distintas ás propias, recoñecer o erro como un elemento enriquecedor e dinamizador da aprendizaxe, diminuír as actitudes negativas cara á materia e erradicar calquera sentimento de desigualdade por razón de xénero. Resultará de grande utilidade o coñecemento do desenvolvemento histórico das matemáticas e das contribucións das mulleres e dos homes ao longo da historia na actualidade.

O uso de estratexias que permitan traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade. A transversalidade resulta fundamental para mellorar a aprendizaxe e promover o desenvolvemento de actitudes críticas e reflexivas no alumnado. Traballar de xeito transversal os conceptos anteriores vai permitir que o alumnado descubra a importancia e a utilidade do aprendido, mostrando así unha actitude máis favorable e incrementando deste xeito a súa motivación. Na formación integral do alumnado será fundamental integrar contidos de distintas áreas de coñecemento nos que se deberá mobilizar todo tipo de competencias e ferramentas.

A avaliación continua como parte fundamental do proceso de ensino e aprendizaxe. A súa finalidade é mellorar tanto os procesos de ensino coma os de aprendizaxe. Deberá atender á diversidade do alumnado empregando procedementos e instrumentos de avaliación variados e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe. Resultará unha ferramenta de seguimento que proporcionará unha información moi importante para poder intervir sobre todos os elementos que forman parte dos procesos de ensino e de aprendizaxe. Esta información permitirá tomar decisións que redunden nunha mellora da atención á diversidade, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas necesidades, e estarán encamiñadas a garantir a adquisición das competencias necesarias para continuar o proceso formativo.



Ao longo do proceso de aprendizaxe avaliaranse unha diversidade de aspectos como: interese e participación activa na clase; constancia e perseverancia na realización das tarefas propostas e na resolución das actividades e dos problemas matemáticos traballados na clase; actitude positiva; estratexias matemáticas postas en xogo proporcionando ideas, opinións, producións ou comentarios con fundamento que reflictan o entendemento e a comprensión dos conceptos matemáticos necesarios para as posibles solucións (pechadas e abertas), dependendo da problemática plantexada; construción e análise de conceptos matemáticos; execución positiva nas probas escritas; planificación e organización dos seus coñecementos, destrezas e actitudes para responder con creatividade e eficacia aos desempeños derivados dunha produción cultural, individual ou colectiva; etc....

Esta avaliación formativa cumpre a función de adecuar o tipo de axuda do profesorado ás necesidades de cada alumno/a. Para levar isto a cabo compre ir recollendo periodicamente a información relativa a tales cuestións, ademais de contar con outra fonte importante de información como é o caderno do alumnado, os boletíns de exercicios e problemas de recuperación, repaso, reforzo e ampliación; cuestionarios online; vídeos interactivos; presentación de traballos; tarefas con prazo de entrega, autoavaliacións, ...

Como consecuencia do proceso de avaliación poderase propoñer a certos alumnos ou alumnas actividades de reforzo ou de ampliación, tal como se indicará na sección desta programación dedicada ás medidas de atención á diversidade. En algúns casos, a realización destas actividades poderán supoñer que o alumnado deba adquirir algún material complementario (cadernos de repaso ou ampliación, ou similar). A cualificación acadada polo alumnado non procederá unicamente das probas escritas e/ou proxectos que se realicen, deberá reflectir tamén as súas actitudes e o grao de participación nas actividades que desenvolvamos. Espérase de todos os estudantes unha actitude positiva e unha participación activa, sendo necesaria e imprescindible esta maneira de proceder para acadar a cualificación de sobresaínte.

As notas do alumnado procederán, como norma xeral, da valoración dos dous apartados que se indican a seguir:

#### ► Observación do profesorado

Neste apartado englobanse unha cantidade moi ampla de actuacións destinadas a valorar o traballo persoal e traballo en grupo, o esforzo e as actitudes positivas cara a materia.

Coa lexislación vixente, o período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo e recuperación para a preparación e a realización de probas escritas para o alumnado que non superase algunha ou todas as avaliacións, e a actividades de ampliación e lúdicas para o alumnado que acadase avaliación positiva na materia. O profesorado responsable para levar a cabo ditas actividades durante o devandito período será o mesmo que impartira clase, tanto no grupo de referencia como no agrupamento flexible correspondente (de ser o caso), ao

longo do curso e, polo tanto, o que atenda nas respectivas aulas a todo o alumnado do grupo-clase correspondente.

Nese sentido, para o alumnado que teña a materia con partes sen superar logo de realizada a terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un breve informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de apoio, reforzo e recuperación. A cualificación definitiva das materia farase efectiva na avaliación final de curso. O alumnado que teña as tres avaliacións parciais superadas poderá realizar as actividades de ampliación e lúdicas a efectos de subir a súa cualificación final.

A participación activa e o traballo nas clases, o respecto ás intervencións dos outros, traer o material necesario, a realización dos exercicios que se propoñan tanto para abordar na aula coma os que se indiquen para facer fóra da aula, realización das actividades directamente relacionadas coas TIC's, test, cuestionarios online, probas escritas, orais ou vía online de carácter puntual, a participación nas actividades de carácter voluntario, ter un comportamento que favoreza o desenvolvemento das clases, respectar os compañeiros e compañeiras ..., respectar e cumprir as normas, serán, entre outros, parámetros a valorar dentro deste apartado.

#### ► Exames, probas escritas

- **Probas escritas:** Valoraranse, entre outros, os seguintes aspectos:
  - ❖ Os coñecementos teórico/prácticos do alumno/a e o adecuado uso da ferramenta matemática, así como o rigor nos razoamentos desenvolvidos e na linguaxe empregada.
  - ❖ A identificación do modelo matemático e das propiedades matemáticas e a súa descrición concisa.
  - ❖ A coherencia ordenada e razoada da exposición da resposta.
  - ❖ A claridade de exposición.
  - ❖ A utilización dunha adecuada terminoloxía e notación matemática.
  - ❖ A facilidade e precisión na realización do cálculo.
  - ❖ A ausencia de explicacións na solución dun exercicio repercute negativamente na súa valoración, podendo acadar unha puntuación nula se só aporta a solución numérica sen ningunha explicación.
  - ❖ Poderán usarse instrumentos de debuxo e calculadoras científicas que non sexan programables e que non teñan capacidade gráfica sempre que o profesorado o estime oportuno segundo a materia a avaliar.
  - ❖ Os exercicios poderanse resolver utilizando simplificacións. Por exemplo, se o resultado dun problema é  $2\pi$  ou  $2/3$ , non é necesario aproximar dito resultado.
  - ❖ A orde e a limpeza da proba escrita entregada para a súa avaliación.

Realizarase un mínimo dunha proba escrita por bloque ou avaliación, o que implica facer un mínimo de tres probas escritas ao longo do curso.

<b>Probos escritas</b>	<p>Polo menos unha por cada bloque ou avaliación. Haberá unha recuperación por cada avaliación ou bloque, obrigatoria para o alumnado que non acade o aprobado na avaliación ou bloque correspondente, e voluntaria para o alumnado que desexe subir nota. A cualificación obtida na proba de recuperación substitúe á cualificación anterior. Esta proba de recuperación poderá ser previa á sesión de avaliación ou ben terá lugar despois da sesión da avaliación.</p> <p>Valorarase o recollido no apartado correspondente na Programación Didáctica do curso académico.</p>	<p>A nota referida as probas escritas, terá unha influencia dun 90% na cualificación de cada bloque ou avaliación en 2ºBAC, e dun 80% en 2ºESO, 4ºESO e M.E.N.</p> <p>Para aprobar cada avaliación ou bloque, o alumnado deberá obter, polo menos, un 3,5 en cada exame.</p>
<b>1.Traballos individuais</b>	Exercicios, problemas e tarefas con prazo de entrega.	<p>A nota referida o conxunto destes sete apartados, terá unha influencia do 10% na cualificación de cada bloque ou avaliación en 2ºBAC, e dun 20% en 2ºESO, 4ºESO e M.E.N..</p>
<b>2.- Traballos en grupo</b>	Exercicios, problemas e tarefas con prazo de entrega.	
<b>3.- Probos orais</b>	Saídas á pizarra ou desde o mesmo pupitre ou ben online	
<b>4.- Presentación dos traballos na aula</b>	Exposicións, saídas á pizarra ou desde o mesmo pupitre, ou a través das diferentes plataformas virtuais, etc.	
<b>5.- Traballos a través das diversas plataformas online</b>	Boletíns de exercicios e problemas, diversas actividades competenciais, actividades de E-dixal, autoavaliacións, cuestionarios, etc.	
<b>6.- Presentación de contidos</b>	Kahoots, vídeos interactivos, etc.	
<b>7.- Observación e rexistro</b>	Cualificación numérica.	

### Crterios sobre a Cualificación na Avaliación Final

Para a obtención da cualificación final de cada alumna/o procederase da seguinte forma:

I. A nota final do curso será a media aritmética das notas de todas as avaliacións, ou ben, a media aritmética da nota de tódolos bloques (no caso de 2º BAC), incluídas as recuperacións. Tendo en conta que para facer a media, o alumnado deberá ter una nota non inferior a 5 en cada unha das avaliacións (ou en cada un dos bloques no caso concreto de 2º BAC).

II. O alumnado que teña que recuperar (ao remate do curso) algunha ou algunhas das tres avaliacións realizará unha proba escrita sobre os contidos das avaliacións non superadas. En 2ºBAC, o alumnado que teña que recuperar algún ou algúns dos bloques realizará unha proba escrita sobre os contidos dos bloques non superados. A nota final será a media ponderada desta proba e as notas das avaliacións/bloques xa aprobados.

**En todos os cursos de ESO e Bacharelato, para a realización das probas escritas,** o alumnado non poderá acceder á aula con teléfono móbil, reloxo ou calquera outro dispositivo electrónico activado. De darse o caso poderá ser obxecto de medida disciplinaria (cualificación do exame con 0 puntos). Cando o profesorado teña unha sospeita fundamentada de que un alumno ou alumna está copiando ou que copiou nun exame, éste estará automaticamente suspenso cunha calificación de 0 puntos e poderá presentarse á recuperación. O alumnado que non se presente a un exame por calquera causa debidamente xustificada, terá fixada, polo profesorado correspondente, outra única data posterior que será a mesma para todos aqueles estudantes que puideran estar na mesma situación.

### Crterios sobre a Avaliación Extraordinaria de 2ºBAC

Os mesmos que para a avaliación ordinaria.

### **Promoción de alumnado coa materia de matemáticas pendentes**

O alumnado que se matricule no curso académico 2022/23 nun curso da educación secundaria obrigatoria e teña matemáticas pendentes de primeiro e/ou terceiro curso poderá recuperalas durante o curso 2022/23 co currículo da materia que se extingue. De non superalas durante este curso, a partir do curso 2023/24 terá que facelo co novo currículo nas condicións que se determinen.

O alumnado que se matricule no curso académico 2022/23 no segundo curso do bacharelato e teña matemáticas pendentes de primeiro curso ou teña que cursalas como pendentes, poderá recuperalas durante o curso 2022/23 co currículo da materia que se extingue. De non superalas durante este curso, a partir do curso 2023/24 terá que facelo co novo currículo nas condicións que se determinen.

Tanto nos cursos descritos nos parágrafos anteriores como nos cursos pares da ESO, neste ano académico 2022/23, este departamento decidiu o seguinte: daráselles a opción de facer tres parciais ao longo do curso e un exame final. Para aprobar é preciso ter as tres partes aprobadas, ou ben, sumar máis de 14 puntos tendo dúas partes aprobadas e tendo máis dun tres na outra. Se ten dúas partes aprobadas e na outra parte unha nota de tres ou inferior, debe recuperar só esa parte no exame final. No caso de ter máis dunha parte suspensa, debe recuperar toda a materia no exame final.

### **Perda da avaliación continua**

Se un alumno ou alumna perdese o seu dereito á avaliación continua, deberá superar unha proba global a semana previa á avaliación final (maio en 2º bacharelato e xuño no resto de niveis). O Departamento elaborará unha proba global de toda a materia (cun formato idéntico ó exposto para a avaliación final) que proporá ao alumnado na semana anterior á data da avaliación final (maio ou xuño)

## **CRITERIOS DE PROMOCIÓN**

- Tendo en conta o Anteproxecto do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, remitímonos o seguintes Artigos.

Artigo 25. Promoción:

1. Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo ao grao de consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias clave establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.

c) Que o equipo docente considere que as materias ou os ámbitos con avaliación negativa non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte.

d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.

e) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

3. O alumnado que acade a promoción de curso con materias ou ámbitos sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias ou ámbitos, destinado á súa recuperación e á súa superación. Este alumnado deberá superar as avaliacións correspondentes aos devanditos plans, de acordo co disposto pola consellería con competencias en materia de educación. Esta circunstancia será tida en conta para os efectos de promoción e titulación previstos neste artigo e no seguinte.

4. O establecido no punto anterior deste artigo será de aplicación para o alumnado que se incorpore a un programa de diversificación curricular ao que se refire o artigo 22 deste decreto, naquelas materias de cursos anteriores que non superaran e que non estean integradas nalgún dos ámbitos do programa. As materias de cursos anteriores integradas nalgún dos ámbitos consideraranse superadas se se supera o ámbito correspondente.

5. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno. En todo caso, a permanencia no mesmo curso planificarase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas, así como ao avance e ao afondamento nas aprendizaxes xa adquiridas. Estas condicións recolleranse nun plan específico personalizado con cantas medidas se consideren adecuadas para este alumnado. Nos programas de diversificación curricular, as decisións sobre a permanencia neles un ano máis adoptaranse exclusivamente á finalización do segundo ano do programa.

6. A elaboración e o seguimento do plan de reforzo e do plan específico personalizado a que se refiren os puntos anteriores realizarase de acordo co disposto pola consellería con competencias en materia de educación.

7. En todo caso, a alumna ou o alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio. De xeito excepcional poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias clave establecidas para a etapa. Neste caso poderase prolongar un ano o límite de idade a que se refire o artigo 5.1 deste decreto.

8. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, a escolarización do alumnado de necesidades educativas especiais na etapa de educación secundaria obrigatoria en centros ordinarios poderá prolongarse un ano máis, sempre que iso favoreza a adquisición das competencias clave establecidas e a consecución dos obxectivos xerais da etapa.

Artigo 26. Título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria:

1. Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias clave establecidas no perfil de saída e á consecución dos obxectivos da etapa, sen prexuízo do establecido no artigo 24.1 deste decreto, e tendo en conta os criterios de titulación.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, obterá o título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou os ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirir as competencias establecidas no perfil de saída.
- c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

Para estes efectos, nos criterios de titulación establecidos polos centros docentes non se poderán fixar número nin tipoloxía de materias non superadas.

3. O título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria será único e expedirase sen cualificación.

4. As alumnas e os alumnos recibirán, ao concluíren a súa escolarización na educación secundaria obrigatoria, unha certificación oficial en que constará o número de anos cursados e o nivel de adquisición das competencias clave definidas no perfil de saída.

5. O alumnado que, logo de finalizado o proceso de avaliación do cuarto curso de educación secundaria obrigatoria, non obteña o título e supere os límites de idade establecidos no artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, tendo en conta así mesmo a prolongación excepcional da permanencia na etapa que prevé a propia lei no artigo 28.5, poderao facer nos dous cursos seguintes a través da realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias ou dos ámbitos que non superase, de acordo co currículo establecido neste decreto e nos termos que dispoña a consellería con competencias en materia de educación.

6. De conformidade co establecido no artigo 25.7 do Real decreto 217/2022, do 29 de marzo, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación secundaria obrigatoria, a superación da totalidade dos ámbitos incluídos nun ciclo formativo de grao básico conducirá á obtención do título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria.

- Tendo en conta o Anteproxecto do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, remitímonos o seguintes Artigos:

#### Artigo 24. Título de bacharel

1. O título de bacharel acredita o logro dos obxectivos establecidos para a etapa e a adquisición das competencias correspondentes.

2. Para obter o título de bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.

3. Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:

- a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.

b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia. Entenderase que existe inasistencia continuada e inxustificada cando se acumulen as faltas recollidas na táboa e se efectúen as correspondentes notificacións:

Nº de clases / semana por materia	Nº de faltas 1ª notificación	Nº de faltas 2ª notificación	Inasistencia non xustificada e continuada
1	3	5	6
2	6	10	12
3	9	14	16
4 ou máis	12	16	18

c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria, amosando un esforzo por superalas.

d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo da cualificación final da etapa, considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.

4. O título de bacharel será único e expedirase con expresión da modalidade cursada e da nota media obtida. Esta obterase calculando a media aritmética das cualificacións de todas as materias cursadas redondeada á centésima.

5. Para os efectos do cálculo da nota media para o alumnado que cambia de modalidade ou de materia en segundo curso, só se terán en conta as cualificacións das materias cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata.

#### Artigo 25. Obtención do título de bacharel desde outras ensinanzas

1. O alumnado que teña o título de técnica ou técnico en formación profesional poderá obter o título de bacharel na modalidade Xeral mediante a superación das materias comúns.

2. O alumnado que teña o título de técnica ou técnico en artes plásticas e deseño

3. Tamén poderá obter o título de bacharel na modalidade de Artes quen superase as ensinanzas profesionais de música ou de danza, e supere ademais as materias comúns.

4. A nota que figurará no título de bacharel deste alumnado deducirase da seguinte ponderación:

a) O 60 % da media das cualificacións obtidas nas materias comúns do bacharelato.

b) O 40 % da nota media obtida nas ensinanzas mediante as que se accede á obtención do título, calculada conforme o establecido na súa normativa de ordenación correspondente.

As cualificacións serán numéricas, entenderanse como positivas ou aprobado as maiores ou iguais que cinco (5), e como negativas ou suspenso as menores que cinco (5).

Para superar cada avaliación ou bloques o alumnado deberá realizar todas as probas obxectivas sobre os temas tratados e obter nelas e/ou neles o aprobado.

## Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

1.- Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente	Escala			
(Indicadores de logro)				
Proceso de ensino:	4	3	2	1
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender o alumnado con NEAE?				
8.- Tomouse algunha medida organizativa para atender o alumnado con NEAE?				
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				

Para avaliar a programación o Departamento ten previsto facer:

Memoria final da programación anual cos obxectivos logrados, cumprimento da programación, modificacións introducidas durante o curso en relación coa programación didáctica, propostas de mellora para a programación didáctica do próximo curso e análise dos resultados da avaliación final do alumnado.

Enquisas de cada membro do Departamento para cada materia.

Práctica docente:	4	3	2	1
1.- Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado				
2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
6.- Incorpóranse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				
7.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
8.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames, etc?				
9.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				
10.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
11.- Cal é o grao de implicación nas funcións de tutoría e orientación do profesorado?				
12.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
13.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares				



14.- Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?				
---	--	--	--	--

É práctica habitual deste departamento tratar, nas reunións mensuais, a rendibilidade da nosa práctica docente para que o alumnado acade os obxectivos marcados. Temos moi pouco marxe de actuación nalgúns aspectos que consideramos moi importantes e, sen embargo non son considerados, suficientemente, polos que son responsables directos dos mesmos:

- apoio ao alumnado no traballo diario fora de clase, cando o necesite, e controlar que realiza as tarefas coa profundidade que requiren.
- intentar dar as clases a primeiras horas, cando o alumnado está menos cansado para que poida seguir o razoamento continuado como as Matemáticas esixen e o tempo de clase non se perda en corrixir comportamentos dos alumnos e alumnas que non deberían ser propios en estudos de secundaria e bacharelato pero que non obstante, a medida que avanza a xornada, o mal comportamento xeneralízase. A falta de atención e a falta de continuidade no traballo son factores determinantes na obtención de malos resultados.

## **Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.**

Os alumnos e alumnas coa materia pendente doutros cursos realizará tres exames parciais e un exame final de recuperación das partes non superadas como xa está especificado nun parágrafo anterior.

Tanto o alumnado da ESO como o alumnado de bacharelato coa materia pendente terán, este curso, dúas horas de atención fora do horario lectivo, (unha hora para o alumnado da ESO e unha hora para o alumnado de BAC. As cales serán fixadas, o inicio do curso, polo profesorado cas imparta). A estes estudantes daráselles unha colección de exercicios sobre os temas que entran en cada exame parcial e intentarase responder as súas dúbidas.

### **Procedementos e instrumentos de avaliación:**

Os programas divídense en tres partes, máis ao tratarse dunha materia progresiva, se un estudante, ao longo do curso, vai demostrando os seus coñecementos dáselle por aprobada a parte correspondente do curso anterior, aínda que poden presentarse ao exame a subir nota. Os alumnos e alumnas que non o acrediten terán un exame cuxas datas, a proposta do Departamento, serán coordinadas pola Xefatura de Estudos.

### **Criterios de cualificación:**

Ao alumnado de ESO coa asignatura pendente proporase un boletín de exercicios por avaliación que deberán entregar feitos o día do exame e se valorará positivamente cunha ponderación do 20%. Este boletín poderá entregarse presencialmente o citado día, ou ben, poderá ser entregado polo alumnado a través da aula virtual ese mesmo día. Ao alumnado de BAC tamén se lle entregará unha colección de boletíns de exercicios por cada avaliación, os cales non deberá entregar feitos.

Para aprobar é preciso ter as tres partes aprobadas, ou ben, sumar máis de 14 puntos tendo dúas partes aprobadas e tendo máis dun tres na outra. Se ten dúas partes aprobadas e na outra parte unha nota tres

ou inferior, debe recuperar só esa parte no exame final. No caso de ter máis dunha parte suspensa, debe recuperar toda a materia no exame final.

## DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS (CURSO 2022-2023)

### AVALIACIÓN DO ALUMNADO QUE TEN ESTA MATERIA PENDENTE

#### CALENDARIO DE EXAMES PARA

##### DATAS

**Primeiro parcial:** 14 de novembro de 2022 ás 16:45 na aula 1.2

**Segundo parcial:** 23 de enero de 2023 ás 16:45 na aula 1.2

**Terceiro parcial:** 27 de marzo de 2023 ás 16:45 na aula 1.2

**Final:** 24 de abril de 2023 ás 16:45 na aula 1.2

#### ALUMNADO CON MATEMÁTICAS PENDENTES DO CURSO ANTERIOR

##### CONTIDOS DE CADA PROBA

##### BAC

###### Alumnado de 2º BAC con MATEMÁTICAS I de 1º BAC PENDENTE (Modalidade de CIENCIAS E TECNOLOXÍA)

**Primeiro parcial:** Medidas de ángulos en radiáns. Razóns trigonométricas dun ángulo calquera. Razóns trigonométricas dos ángulos suma, diferenza, dobre e metade. Fórmulas de transformacións trigonométricas. Resolución de ecuacións trigonométricas. Teoremas, resolución de triángulos. Números Complexos.

**Segundo parcial:** Vectores no plano. Xeometría analítica plana (puntos e vectores, ecuacións da recta, posicións relativas, ángulos e distancias).

**Terceiro parcial:** Funcións. Límites de funcións. Funcións elementais. Continuidade.

###### Alumnado de 2º BAC con MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CC. SS. I de 1º BAC PENDENTE (Modalidade de HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS)

**Primeiro parcial:** Distribucións bidimensionais. Distribucións de probabilidade de variable discreta. Distribucións de probabilidade de variable continua.

**Segundo parcial:** Números reais. Álgebra.

**Terceiro parcial:** Funcións elementais. Funcións exponenciais, logarítmicas e trigonométricas. Límites de funcións, continuidade e ramas infinitas.

##### ESO

###### Alumnado de 4º ESO con MATEMÁTICAS de 3º ESO PENDENTE

**Primeiro parcial:** Números racionais. Transformación de fraccións en decimais e viceversa. Números decimais exactos e periódicos. Fracción xeratriz. Operacións con fraccións e decimais. Números reais. Xerarquía das operacións. Potencias e raíces. Transformación de expresión alxébricas cunha indeterminada. Igualdades notables. Operacións elementais con polinomios (suma, resta e produto). Extracción de factor común.

<p><b>Segundo parcial:</b> División e factorización de polinomios. Fraccións alxébricas. Operación con fraccións alxébricas. Ecuacións de primeiro grao cunha incógnita con parénteses e denominadores. Ecuacións de segundo grao cunha incógnita. Resolución por distintos métodos. Resolución de ecuacións sinxelas de grao superior a dous. Resolución de problemas mediante a utilización de ecuacións.</p> <p><b>Terceiro parcial:</b> Sistemas lineais de dúas ecuacións con dúas incógnitas. Resolución. Resolución de problemas mediante a utilización de sistemas. Perímetros e áreas de polígonos; lonxitude e área de figuras circulares. Xeometría do espazo: poliedros e corpos de revolución. Áreas e volumes.</p>
<p style="text-align: center;"><b><u>Alumnado de 3º ESO con MATEMÁTICAS de 2º ESO PENDENTE</u></b></p> <p><b>Primeiro parcial:</b> Números enteiros, números fraccionarios, potencias, divisibilidade e números decimais.</p> <p><b>Segundo parcial:</b> Proporcionalidade, polinomios e ecuacións.</p> <p><b>Terceiro parcial:</b> Sistemas de ecuacións, aplicacións do teorema de Pitágoras e cálculo de áreas e perímetros.</p>
<p style="text-align: center;"><b><u>Alumnado de 2º ESO con MATEMÁTICAS de 1º ESO PENDENTE</u></b></p> <p><b>Primeiro parcial:</b> Números naturais e números enteiros.</p> <p><b>Segundo parcial:</b> Números fraccionarios, números decimais e proporcionalidade.</p> <p><b>Terceiro parcial:</b> Expresións alxébricas, ecuacións e áreas e perímetros de figuras planas.</p>

## **Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.**

### **Procedementos para acreditar os coñecementos necesarios:**

De acordo co Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia:

A superación das materias de segundo curso, Matemáticas II e Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II, estará condicionada á superación das correspondentes materias de primeiro curso, Matemáticas I e Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I, por implicar continuidade.

No caso de cambio á modalidade do Bacharelato de Humanidades e ciencias sociais en 2º curso, o alumnado que teña aprobada a materia de Matemáticas I, conservará a nota obtida como nota final da materia Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I, podendo realizar os exames correspondentes de pendentes se así o desexa. Do mesmo xeito, no caso de cambio á modalidade do Bacharelato de Ciencias en 2º curso, o alumnado que teña aprobada a materia de Matemáticas Aplicadas as CCSS I, conservará a nota obtida como nota final da materia Matemáticas I, podendo realizar os exames correspondentes de pendentes se así o desexa.

## **Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.**

